

 FÓRA DE XOGO

O xurado da 4ª edición do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil fallado o día 6 de xuño de 2009 na illa de San Simón e constituído por Amanda Bouzada Novoa, Alba González Méndez, Mónica Góñez Silva, Pilar Ponte Patiño e Verónica Rego López actuando como secretario, con voz e sen voto, Xosé Manuel Moo Pedrosa acordou por unanimidade outorgar o premio á obra titulada *As de bolboreta*.

Edición: Helena Pérez

Deseño da cuberta e interiores: Miguel A. Vigo

Maquetación: Helena Pérez

Montaxe da cuberta: Antonio Seijas

Produción: Antón Pérez

1ª edición: outubro, 2009

© Rosa Aneiros, 2009

© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2009

Dr. Maraño, 12. 36211 VIGO

xerais@xerais.es

© Fundación Caixa Galicia, 2009

www.fundacioncaixagalicia.org

ISBN: 978-84-9782-XXXXXXX (Edicións Xerais)

ISBN: 978-84-96982-XXXXXXX (Fundación Caixa Galicia)

Depósito legal: VG XXXXX-2009

Printed in Spain

Impreso en Gráficas Varona, S. A.

Pol. Ind. El Montalvo I, P. 49

37008 Salamanca

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Ás de bolboreta

Rosa Aneiros

Premio Fundación Caixa Galicia
de Literatura Xuvenil 2009

Para xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx

A

vó, e ti onde dormes?

—Onde todos os avós.

—No cemiterio?... Debe ir frío aló.

—No cemiterio, claro.

—Onda a avoa.

—Non, ela non. Ela está no ceo.

—Con Duque?

—Que Duque?

—Duque, o astronauta. Sae na televisión e anda polo espazo cun escafandro.

—Supoño. E onde anda o tal Duque hai estrelas?

—Claro.

—Pois nunha delas está a avoa.

—E ti dormes nunha estrela tamén?

—Non, eu durmo no cemiterio. Todos os que están alí están mortos.

—E, claro, vai frío.

—Vai frío, vai. Atende o churro. Cólleo coa culler e non metas os dedos no chocolate.

Sucede hoxe pero podería ser un día calquera.

—Pero que guapo está este neno, mi madriña querida. Máis bonito que unha peseta rubia. Pena

que estea con esa cara de noxo. Mira o avó con que orgullo olla para el. Se ata diría que se parecen...

—Era boa! —dille o vello.

—Era boa! —engade o neno.

Logo, as frases quedan suspendidas incomodamente no aire. A camareira segue a guindar palabras amables por ver se algún dos ocupantes da mesa as recolle pero, unha vez máis, obtén o silencio como única resposta. E non será porque non o tente. O home de pelo branco fai boliñas co pano de papel unha vez acabou de beber dun só grolo un café con leite en cunca de almorzo. O neno, en cambio, dá voltas e máis voltas ao ColaCao cun churro. Ás veces bota o líquido por fóra, outras os pos achocalatados mánchanlle o bico e a caza e captura dos anacos de masa frita nunca foi a súa actividade favorita. O día as migallas que se perden no fondo do vaso e puag, que noxo, as natas! Os dous mergullan cada día no seu rito mimético ata que o avó dobra os papeis, bota dentro do cincheiro as faragullas e sacode as mans. Daquela, o pícaro sabe que comeza a conta atrás e debe beber o ColaCao que lle quede, sexa moito ou sexa pouco no breve tempo en que o avó pague e agarre o pomo da porta de saída. E os dous sairán pola porta do mundo ata o día seguinte. Patricia apañará a conta exacta do mostrador e sorrirá como única beizón antes de seren engulidos polo balbordo da rúa. Así, día tras día.

—Patricia! Outra vez se perdeu a conexión. E xa van tres esta semana! A ver se o amañas dunha maldita vez. Empezo a estar farto de repetir...

—Amodiño, amodiño, Iqbal, por que non mercas un ordenador?

—Si, claro, sen traballo e aínda vou mercar un ordenador!

—O que ti queiras, meu rei, pero un día hache estoupar todo. E daquela xa rabiars por non ter con que lle escribir á moza. E este ordenador do bar, xa che dixen moitas veces que está aquí ata que se acabe de todo. É un posto de consulta para cousas pequenas non para pasar unha mañá de leria... Pero, alá ti.

—Este correo quedárame ben xeitoso, madía leva, e agora vou ter que empezar outra vez.

—Así pensarlo dúas veces antes de escribir esas parvadas que escribes.

—Parvadas! Por que dis iso, ti que sabes...

Patricia dío por pura envexa. Oxalá a ela alguén lle escribise longas cartas de amor todos os días ás oito da mañá, chova ou vente. Longas palabras que ela bebe cada noite por unha inconfesable copia de seguridade. É a cousa máis fea que fixo na vida e da que menos se arrepinte. Porque a ela o eslamiado Iqbal non lle gusta pero non o pode evitar. Claro que non lle gusta. Como lle ha gustar!

—Iso, parvadas. Seguro que escribes parvadas.

E esquécelle acabar a frase en voz alta. Menos mal. Tan só quería dicirlle «desas que escriben os namorados e ninguén me escribe a min» e só lle saíu:

—Se lles escribiras máis aos teus pais. Seguro que están preocupados por ti. Tantos anos sen velos..., sabes sequera se seguen vivindo en Londres?

Iqbal, epiderme de mel e mirada de Monzón tardío, ponse de súpeto serio serísimo.

—Patricia, non fales dos meus pais. Non os coñeces e claro que seguen vivindo en Londres. Eu chamo por teléfono cada mes e cóntolles. Cóntolles o que queren oír.

—Vale, vale, perdoa Iqbal. Non é asunto meu. Descúlpame.

—Non te poñas así, muller. É que é falar deles e pónome un pouco triste. Pero non pasa nada. Os meus pais están ben. Cando chamo por teléfono dinme que están ben. Dinme que están ben.

—Patricia, hoxe catro churros no canto de dous que veño da revisión médica.

E Patricia –pelo roxo e crecho, cadeiras anchas, brazos grosos, mans pequenas e nocellos torpes– baila co seu sorriso de mesa en mesa e atende sen protestar. Gústalle, no fondo, este balbordo de xente da cafetería que comezara sendo un choio temporal nada máis e mudara en fogar. Empezara de camareira catro anos antes, a un curso académico de rematar a carreira e demasiados suspensos enriba como para lograr unha bolsa de estudos. A señora Dolores, só tres anos despois había ser a señora Lola, pedíralle tres mil euros e fonda a cambio de oito horas de vasos, bandexas, cafés, zumes e chatos. O trato era desigual e as dúas acabaron perdendo. Unha, a posibilidade de ter a filla que nunca tivera e a outra, a de facer o doutoramento. O do mestrado nin se lle pasara pola cabeza, claro. Facían falla demasiados euros para chegar a ese nivel. Unha renunciou por

covardía e a outra por coherencia. E Patricia, que nunca soñara cun futuro no sector hostaleiro, atopou o seu lugar entre a billa da cervexa, os barrís de tinto acedo e a máquina ruidosa de café, esa que, por outro lado, nunca lograra amañar. Esa avaría co seu síntoma de tracatrá furioso —como unha locomotora que non dá arrancado polo peso de demasiados vagóns— convertérase na banda sonora do seu día a día. Un ano despois daquel:

—Tres mil euros, un cuarto arriba e nada de homes, cans ou bechos, entendido?

—Entendido.

O home da señora Dolores, aínda non era señora Lola, ficaba inválido nunha cadeira de rodas a causa ou consecuencia dunha rotura de cadeira por unhas escaleiras demasiado pinas e demasiado caras de amañar. E a avaricia, que unha firma por contrato como cláusula obrigatoria para entrar no sector servizos, acabou confinando á señora Dolores no primeiro andar e a Patricia, a hóspede, no segundo. Xusto enriba da cafetaría.

—Nin homes, nin cans nin bechos, entendido?

—Entendido.

Dúas caixas de roupa e libros máis tarde, o portátil e algún disco de Pimpinela, Patricia iniciou a escalada difícil e sen campo base do segundo andar do edificio. A súa foi unha travesía ardua cara á terceira idade, unha idade descoñecida de marcos de foto e prata vella nos aparadores e nada na neveira, apenas dúas pezas de froita podre. Xa se sabe, cando alguén pasa a se alimentar unicamente do po turbio

da louza do salón no canto de nos estantes do supermercado, os pulmóns atéiganse de melancolía e o estómago de furados.

—Que fique todo tal e como está. Isto é temporal nada máis ata que o meu Eusebio cure da cadeira.

Non hai nada tan eterno como o anunciado como temporal. Dous anos máis tarde do que á señora Dolores lle gustaba denominar «o accidente», Patricia segue no andar superior do edificio a coidar as fotos da primeira comunión e bautizo de todos os sobriños dos caseiros. Ela pásalles o pano polo fociño e o sorriso tímido e imaxina como serán agora de vellos. Quen sabe. Talvez todos morreron xa por unha epidemia estraña que os levou para o outro mundo.

A epidemia do esquecemento, claro. E nunca ningún deles pasou pola cafetería a preguntar polos tíos, nin tan sequera cando houbo que arrancar correndo para o hospital e pechar a porta, como recordaría sempre a señora Dolores, nestes cincuenta anos nunca pechamos a porta e hoxe hai que pechala! E puxo o cartel cando xa non quedaba máis remedio. Pechado por enfermidade. Foi aí e só aí cando foi consciente da cantidade de anos que levaba atrás daquela barra e, como era de prever, resultou demasiado tarde para demasiadas cousas.

—Pero Patricia, filla, dende cando tomo eu o café con azucre? Todos os días do ano neste puto cuchitril ás oito e media en punto e aínda se esquecen dun. O único que tes que lembrar é un sobre de sacarina, nin que fora tan difícil, arre cona! Aínda se

tiveses que lembrar o meu nome pero nin iso che pido!

—Adolfo. Chámase vostede Adolfo. Senta todos os días á mesma hora e na mesma banquetta e colle o mesmo xornal. Pide un café só e dous donuts e ben sei que quere sacarina pero eu turro en non darlla a ver se algún día cae da burra porque que máis dan uns grans de azucre logo das graxas polisaturadas dos donuts! A ver se aprendemos a comer!

O tal Adolfoponse de socato moi serio e vira encarnado coma unha cereixa.

—O que eu coma ou deixe de comer é cousa miña, camareira do carallo. Atende ao teu. A puta sacarina, dixen!

É a primeira vez en todos estes anos que o agradable, simpático e mesmo tenro Adolfo ergue a voz. Todos os clientes contéplano estupefactos. Non hai o mínimo viso de arrepentimento. O beizo de abaixo non lle treme, nin tamborila os cotenos enriba do mármore da barra, nin ten os ollos inxectados en sangue, nin tampouco pestanexa nerviosamente. Non. Adolfo mira a Patricia cunha calma absoluta e desacougante como se no canto de berrar a puta sacarina! suplicara un sobre de sacarina, por favor. Tranquilo, como se estivese afeito a berralo todos os días. Como quen pela unha mazá dunha tirada ata espir o corazón. Adolfo non saca ollo das mans grosas da camareira. E aí, xusto aí, nese movemento seguro das mans, adiviña que ela acaba de descubrir o seu segredo. O seu terrible segredo. E pensa en non volver a esta cafetería de cruzamento de rúas

onde o tráfico se desvía de socato para protexer a pedra vella e os pasos perdidos da zona monumental. Pensa, claro, en non volver pero axiña refuga esta idea estúpida. É o único sitio onde pode estar a esta hora. Xusto en fronte da última parada de autobús. A medio camiño do colexio.

—Veña, Patricia, tráeme un sobre de sacarina e non me fagas rabiñar. Case pareces a miña muller.

A camareira óllao desapiadadamente e demostralle, por se o movemento de mans non fose suficiente, que sabe o seu segredo. O seu terrible segredo.

—Ela sempre me di o que podo e o que non podo comer. Que raio saberá ela do que eu preciso, non é?

—E será. A túa sacarina.

Sería ridículo dicir que non lle importa o máis mínimo as estupideces dos clientes que, como as serraduras, varre cada noite no chan da cafetería. Pero aprendeu a facer callo. En canto lle sirva o té inglés ao estudante de Erasmus do sofá do fondo non lle volverá acordar a arrouxada de Adolfo, terceiro pola barra á man dereita da máquina comecartos.

A vida na cafetería transcorre sen grandes sobresaltos. Para que dicir o contrario. É unha pura e demoníaca rutina de cafés e bolos primeiro, e cuncas de viño máis tarde. Os clientes arremuíñanse arredor das mesas de mármore, acompañados de todos os seus amigos, compañeiros de traballo, hipotecas, resultados de analítica, vales do supermercado e enfermidades varias. Parece mentira que neste lugar tan pequeno, apenas oitenta metros cadrados de

mesas e banquetas, caiba tanta cousa. Se todas as cavilacións se puxesen en ringleira habían acabar de cabeza no mesmo mar, tantos quilómetros ao oeste. Malia compartiren o mesmo espazo, eles, os clientes, nunca se remexen. Cada un ten a súa hora, máis ou menos puntual e non ousa entrar nos territorios temporais nin espaciais dos outros. Cadaquén marca con teimosía o seu ferrado –enténdase mesa– e ergue as súas armas en alto para defender o choído con toda a violencia posible. Un paraugas, unha ollada, unha cunca usada. Que todo vale para se defender dos estraños xa familiares que enchen este espazo que uns queren máis cá súa propia casa e outros nin sequera ven. Pero todos, todos saberían recoñecer cada milímetro de azulexo en calquera lugar do mundo.